

Ermida de Santa Mariña - Chans de Perrol - Ermida de Santa Mariña

Corcoesto - Concello de Cabana de Bergantiños

A saída que imos facer percorre unha zona de montes entre os vales que forman os **Regos de Lourido e Santa Margarida**. Por este lugar, se non se remedia, non se poderá voltar a camiñar, xa que nel están previstas as explotacións mineiras do ouro de Corcoesto. Por isto, en parte do noso percorrido uniranse membros da "Plataforma **CONTRA A MINA**".

Partimos da Ermida de Santa Mariña, fermoso lugar de lecer onde se xuntan nas festas as xentes da contorna, para dirixirnos a **Fonterremila** preto de onde collemos unha pista de terra que en dirección sur, percorre case todo o val polo que discorre o **Rego de Lourido**. Despois de andar un tramo tomamos un sendeiro a dereita, que sube por un cortalumes e nos conduce cara os **Montes de Auga Levada**, onde temos moi boas vistas do **Monte Branco** no **esteiro do Anllons**, continuamos camiñando, e despois de pasar un cruce de catro camiños, rodeamos o lugar de **Baralláns** e saímos á estrada, que pronto deixamos para pasar preto doutro lugarciño chamado **Perrol**.

Aquí separámonos da xente da Plataforma para subir ao cumio do **Monte Perrol** a 431 metros, onde poderemos gozar das impresionantes vistas de toda a costa e a contorna. Dende aquí descendemos cara o val do **Rego de Lourido** que agora collemos en dirección norte, despois dun treito chegamos a unhas praderías a beira do río onde atopamos un manantial preto dunhas ruínas. Continuamos na mesma dirección ata empatar coa pista que collemos ao saír, preto de **Fonterremila**. Un pouco antes de chegar a senda do cortalumes, en dirección contraria tomamos un camiño que atravesando os montes aproxímanos a **Ermida de Santa Mariña**, onde podemos xantar.

Tras repoñer forzas continuamos a camiñada cara un encoro no **Anllons**, baixamos por unhas escalas de ferro, e paralelos ao río imos cara a central hidroeléctrica de Corcoesto. Deixamos atrás a central e camiñamos cara a **Ponte de Xavarido**, tras uns metros pola estrada, desvímonos por un camiño que empata cun sendeiro, que en dirección sur nos retorna a **Santa Mariña**, comezo e remate da nosa andaina.

Día e hora: 26 de maio 2013 as 08:00 h. (Palacio Deportes Riazor)

Lonxitude: 15,5 Km. aproximadamente.

Dificultade: baixa.